

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

9175 *Real decreto 389/2021, do 1 de xuño, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Española de Protección de Datos.*

A Lei orgánica 5/1992, do 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal, encomendou o control da aplicación das súas disposicións a un ente público independente, que denominou Axencia de Protección de Datos e que se caracterizaba pola absoluta independencia do seu director no exercicio das súas funcións, reforzada polo establecemento dun mandato fixo que só podía ser acurtado por un *numerus clausus* de causas de cesamento. A efectiva creación da Axencia levouse a cabo mediante a regulación da súa estrutura orgánica e a aprobación do seu estatuto polo Real decreto 428/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia de Protección de Datos.

Posteriormente, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobada para traspor ao noso dereito a Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de outubro de 1995, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, mantivo a configuración da Axencia como un ente de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, que actúa con plena independencia das administracións públicas no exercicio das súas funcións.

No momento actual, o réxime xurídico da protección de datos de carácter persoal vén establecido directamente polo dereito de Unión Europea tras a plena aplicación, desde o 25 de maio de 2018, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos). O dito regulamento foi adoptado con dous claros obxectivos: por unha banda, superar a fragmentación existente na aplicación das normas de transposición da Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de outubro de 1995, que deu lugar, na práctica, e a pesar de derivaren todos eles duns principios comunmente aceptados, á existencia de tantos réximes de protección de datos como Estados membros, con distintos niveis de protección e, especialmente, de reacción ante condutas que poidan supoñer unha infracción da norma. E, por outra, adaptar as normas de protección de datos á rápida evolución tecnolóxica e aos fenómenos derivados do desenvolvemento exponencial da sociedade da información e a globalización que esta comporta no tratamento dos datos de carácter persoal.

O Regulamento xeral de protección de datos supón a revisión das bases legais do modelo europeo de protección de datos máis alá dunha mera actualización da vixente normativa, ao evolucionar desde o antigo modelo da Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de outubro de 1995, que estaba baseado nunha serie de obrigacións ás cales os responsables e encargados do tratamento se debían suxeitar, unidas ao recoñecemento de potestades reactivas das autoridades de protección de datos, cara a un novo paradigma baseado no que se denomina «enfoque de risco»; é dicir, na necesaria avaliación por parte dos propios responsables e encargados do tratamento dos riscos que a súa actividade pode xerar no dereito fundamental para, a partir desa valoración, adoptar as medidas que resulten necesarias para mitígalos en todo o que sexa posible. Evolúciónase así cara a un modelo de responsabilidade activa, que exixirá, pola súa vez, unha valoración dinámica da actividade desenvolvida polo suxeito obrigado pola norma e a adopción de medidas tales como a privacidade desde o deseño e, por defecto, a realización de avaliacións de impacto na protección de datos ou a

implantación de medidas de seguridade técnicas e organizativas axustadas en cada momento ao estado da técnica e aos riscos derivados do tratamento. Neste modelo, por outra banda, as medidas de carácter organizativo, tales como a designación dun delegado de protección de datos, sobre o cal recae a función de asesorar e supervisar as actividades de tratamento dos responsables ou encargados, adquiren un papel fundamental para a salvagarda do dereito fundamental dos afectados. Finalmente, foméntase o establecemento de sistemas de autorregulación, incluídos mecanismos de resolución extraxudicial de controversias, e o desenvolvemento de esquemas de certificación.

O novo modelo de protección de datos de carácter persoal ten unha incidencia notable na organización e funcións tradicionais da Axencia Española de Protección de Datos, posto que o Regulamento xeral de protección de datos reforza as competencias das autoridades de control que deberán contar con todas as funcións e poderes efectivos, incluídos os poderes de investigación, poderes correctivos e sancionadores, e poderes de autorización e consultivos previstos no propio regulamento, e introduciu os mecanismos que garantan a necesaria coordinación e coherencia entre as diferentes autoridades de control europeas.

Para iso, o Regulamento inviste as autoridades de protección de datos dunha total independencia, destacando no considerando 117 que «o establecemento nos Estados membros de autoridades de control capacitadas para desempeñaren as súas funcións e exercer as súas competencias con plena independencia constitúe un elemento esencial da protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos de carácter persoal. Os Estados membros deben ter a posibilidade de establecer máis dunha autoridade de control, co fin de reflectir a súa estrutura constitucional, organizativa e administrativa».

Para estes efectos, o citado regulamento impón aos Estados membros a adopción dun réxime xurídico específico que se deberá establecer mediante lei respecto de todos os elementos que recolle no seu artigo 54.

Para dar cumprimento á dita obrigaçión, aprobouse a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cuxo título VII se dedica ás autoridades de protección de datos que, seguindo o mandato do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, se deben establecer por lei nacional, configurando a Axencia Española de Protección de Datos como unha autoridade administrativa independente conforme a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que se relaciona co Goberno a través do Ministerio de Xustiza.

Así mesmo, atribúe á Axencia Española a condición de representante común das autoridades de protección de datos do Reino de España no Comité Europeo de Protección de Datos e introduce unha serie de modificacións no seu réxime xurídico, co fin de reforzar a súa independencia; destacan, entre outras, as relativas ao procedemento de nomeamento, mandato e cesamento da Presidencia e da Adxuntía á Presidencia, que exercerán as súas funcións con plena independencia e obxectividade e non estarán suxeitas a ningunha instrución no seu desempeño; o réxime de modificacións e de vinculación dos créditos do seu orzamento; a elaboración e aprobación da relación de postos de traballo; a composición do Consello Consultivo; o deber de colaboración coa Axencia; a realización de plans de auditoría ou as potestades de regulación por medio de circulares.

Por outra parte, cómpre ter en conta que a Axencia Española de Protección de Datos non só exerce as competencias derivadas do regulamento, senón que tamén exercerá as que establece a Lei orgánica 7/2021, do 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevención, detección, investigación e axuizamento de infraccións penais e de execución de sancións penais. Igualmente, exerce actualmente as potestades derivadas da Directiva 2002/58 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xullo de 2002, relativa ao tratamento dos datos persoais e á protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas, que na actualidade se recollen na Lei 34/2002, do 11 de xullo,

de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, e na lexislación en materia de telecomunicacións.

Por todo iso, resulta necesario a aprobación dun novo estatuto que adapte a organización e o funcionamento da Axencia Española de Protección de Datos ao previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

Este real decreto consta dun artigo único que aproba o Estatuto da Axencia Española de Protección de Datos, unha disposición adicional sobre supresión de órganos directivos, unha disposición transitoria única sobre unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral, unha disposición derogatoria única e unha disposición derradeira única, relativa á entrada en vigor do real decreto.

O estatuto estrutúrase en cinco capítulos. O primeiro deles inclúe as disposicións xerais sobre a natureza, réxime xurídico, autonomía e independencia, funcións e potestades, circulares, acción exterior, colaboración no ámbito da Administración de xustiza, programación, memoria anual, sede e transparencia e publicidade.

No capítulo II defínese a estrutura orgánica da Axencia Española de Protección de Datos e especificanse as funcións dos seus diferentes órganos. En concreto, a estrutura orgánica artículase ao redor da Presidencia, da cal dependen a Adxuntía á Presidencia, a Subdirección Xeral de Inspección de Datos, a Subdirección Xeral de Promoción e Autorizacións, a Secretaría Xeral, a División de Relacións Internacionais e a División de Innovación Tecnolóxica. Regúlase o procedemento de designación da Presidencia e a Adxuntía, como consecuencia dunha observación formulada respecto diso polo Consello de Estado no seu ditame sobre o proxecto. Tamén se desenvolven o réxime, as competencias e o funcionamento do Consello Consultivo en canto órgano colexiado de asesoramento da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos.

O capítulo III refírese ao persoal ao servizo da Axencia Española de Protección de Datos, que poderá ser funcionario ou laboral, á elaboración e aprobación da relación de postos de traballo, retribucións, avaliación do desempeño, incompatibilidades e deber de segredo profesional.

O capítulo IV regula o réxime económico, orzamentario, patrimonial e de contratación, e detalla o réxime económico-financeiro, patrimonial e de contratación e o réxime orzamentario, de contabilidade e control económico-financeiro.

Por último, o capítulo V regula o asesoramento xurídico da Axencia, que se encomenda á Avogacía Xeral do Estado-Servizo Xurídico do Estado en virtude do correspondente convenio.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación (necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia) conforme os cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e da potestade regulamentaria, segundo establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así, este real decreto atende á necesidade de adecuar a estrutura orgánica da Axencia Española de Protección de Datos ao previsto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e na Lei orgánica 7/2021, do 26 de maio, e é eficaz e proporcionado no cumprimento deste propósito, sen afectar de ningunha forma os dereitos e deberes da cidadanía. Así mesmo, contribúe a dotar de maior seguridade xurídica a organización e o funcionamento da Axencia, ao adecuala ás novas competencias establecidas nas ditas normas. Cumpre tamén co principio de transparencia e é, así mesmo, adecuada ao principio de eficiencia, xa que, entre outras cuestións, non impón cargas administrativas adicionais.

Na súa virtude, por proposta da Axencia Española de Protección de Datos, e por proposta conxunta do ministro de Política Territorial e Función Pública, da ministra de Facenda e do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de xuño de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto da Axencia Española de Protección de Datos.*

De conformidade co disposto no artigo 45.2 e na disposición derradeira décimo quinta da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, apróbase o Estatuto da Axencia Española de Protección de Datos, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Supresión de órganos directivos.*

Quedan suprimidos os seguintes órganos directivos:

- a) O director da Axencia Española de Protección de Datos.
- b) O Rexistro Xeral de Protección de Datos.
- c) A Inspección de Datos.

Disposición transitoria única. *Unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral.*

As unidades e os postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral continuarán subsistentes e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aproben as correspondentes relacións ou catálogos de postos de traballo da Axencia Española de Protección de Datos adaptados á estrutura orgánica deste real decreto.

As unidades e os postos de traballo encadrados nos órganos suprimidos, ou cuxa dependencia orgánica fose modificada por este real decreto, adscribiranse provisionalmente, mediante resolución da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos, ata que entren en vigor as correspondentes relacións ou catálogos de postos de traballo, aos órganos regulados neste real decreto en función das atribucións que estes teñan asignadas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 428/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia de Protección de Datos.
2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de xuño de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,

CARMEN CALVO POYATO

ESTATUTO DA AXENCIA ESPAÑOLA DE PROTECCIÓN DE DATOS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza.*

A Axencia Española de Protección de Datos é unha autoridade administrativa independente de ámbito estatal, das previstas no artigo 109 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, que actúa con plena independencia dos poderes públicos no exercicio das súas funcións.

A súa denominación oficial, de conformidade co establecido no artigo 109.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, será «Axencia Española de Protección de Datos, Autoridade Administrativa Independente».

Relaciónase co Goberno a través do Ministerio de Xustiza.

Artigo 2. *Sede.*

A Axencia Española de Protección de Datos terá a súa sede en Madrid.

Artigo 3. *Réxime xurídico.*

1. A Axencia Española de Protección de Datos réxese polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, nas súas disposicións de desenvolvemento e neste estatuto.

2. Supletoriamente, en canto sexa compatible coa súa plena independencia, rexerese pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en particular polo disposto para organismos autónomos; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, así como polo resto das normas de dereito administrativo xeral e especial que lle sexa de aplicación. Na falta de norma administrativa, aplicarase o dereito común.

3. Os procedementos tramitados pola Axencia Española de Protección de Datos rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, polas disposicións regulamentarias ditadas no seu desenvolvemento e, en canto non as contradigan, con carácter subsidiario, polas normas xerais sobre os procedementos administrativos.

4. A Axencia Española de Protección de Datos estará suxeita ao principio de sustentabilidade financeira de acordo co previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

5. De conformidade co previsto na disposición adicional vixésima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, non será de aplicación á Axencia Española de Protección de Datos o artigo 50.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

6. A Axencia Española de Protección de Datos poderá adherirse aos sistemas de contratación centralizada establecidos polas administracións públicas e participar na

xestión compartida de servizos comúns prevista no artigo 95 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 4. *Autonomía e independencia.*

1. De conformidade co disposto no artigo 52 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, no exercicio das súas funcións e para o cumprimento dos fins que lle foron asignados, a Axencia Española de Protección de Datos conta con autonomía orgánica e funcional e actúa con plena independencia do Goberno, das administracións públicas e de calquera interese empresarial ou comercial.

2. Nin o persoal nin os membros dos órganos da Axencia Española de Protección de Datos poderán aceptar nin solicitar instrucións de ningunha entidade pública ou privada.

Artigo 5. *Funcións e potestades.*

1. Correspóndelle á Axencia Española de Protección de Datos a función de supervisar a aplicación da normativa vixente en materia de protección de datos persoais co fin de protexer os dereitos e as liberdades das persoas físicas no que respecta ao tratamento e, en particular, exercer as funcións establecidas no artigo 57 e as potestades previstas no artigo 58 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. Así mesmo, correspóndelle supervisar a aplicación da normativa vixente en materia de garantía dos dereitos dixitais recollidos nos artigos 89 a 94 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

3. A Axencia Española de Protección de Datos colaborará cos órganos competentes no que respecta ao desenvolvemento normativo e á aplicación das normas que incidan en materia propia do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e para ese efecto:

a) Emitirá informe preceptivo sobre os proxectos de disposicións xerais de desenvolvemento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

b) Emitirá informe preceptivo sobre calquera anteproxecto de lei ou proxecto de regulamento que incida na materia propia do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

c) Ditará circulares que fixen os criterios a que responderá a actuación desta autoridade na aplicación do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, así como instrucións e recomendacións.

4. A Axencia Española de Protección de Datos exercerá o control da observancia do disposto nos artigos 4, 7 e 10 a 22 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública, e en especial:

a) Emitirá informe con carácter preceptivo sobre o contido e o formato dos cuestionarios, follas censuais e outros documentos de recollida de datos con fins estatísticos.

b) Ditaminará sobre os procesos de recollida e tratamento dos datos persoais para efectos estatísticos.

c) Emitirá informe con carácter preceptivo sobre os anteproxectos de lei polos cales se exixan datos con carácter obrigatorio e a súa adecuación ao disposto no artigo 7 da Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública.

d) Ditaminará sobre as condicións de seguridade dos tratamentos realizados con fins exclusivamente estatísticos.

5. A Axencia Española de Protección de Datos adoptará, conxuntamente co Consello de Transparencia e Bo Goberno, os criterios de aplicación, no seu ámbito de actuación, das regras contidas no artigo 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en particular no que respecta á ponderación do interese público no acceso á información e á garantía dos dereitos dos interesados cuxos datos se conteñan nela.

6. Así mesmo, corresponde á Axencia Española de Protección de Datos o desempeño das funcións e potestades que lle atribúan outras leis ou normas de dereito da Unión Europea.

Artigo 6. *Circulares da Axencia Española de Protección de Datos.*

1. A persoa titular da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos poderá ditar disposicións que fixen os criterios a que responderá a actuación desta autoridade na aplicación do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, que se denominarán «Circulares da Axencia Española de Protección de Datos» e que serán obrigatorias unha vez publicadas no «Boletín Oficial del Estado».

2. O proxecto de circular iníciase mediante un informe técnico, suscrito pola persoa titular da Adxuntía á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos ou polo subdirector xeral ou director de división correspondente, que constará das seguintes partes:

- a) Especificación da norma ou normas habilitantes para ditar a disposición.
- b) Xustificación da necesidade da disposición, así como das medidas ou solucións técnicas que se propoñan e dos fins que se pretenden acadar.
- c) Proxecto de circular.

3. Elaborarase tamén un informe xurídico ou de legalidade, emitido polo Gabinete Xurídico da Axencia Española de Protección de Datos.

4. No procedemento de elaboración das circulares daráselles audiencia ás persoas titulares de dereitos e intereses lexítimos que resulten afectados por elas, directamente ou a través das organizacións e asociacións recoñecidas pola lei que os agrupen ou os representen e cuxos fins garden relación directa co obxecto da circular, e fomentarse a participación dos cidadáns.

O trámite de audiencia e información pública realizarase mediante a publicación do texto na páxina web da Axencia e terá un prazo mínimo de quince días hábiles, que poderá ser reducido ata un mínimo de sete días hábiles cando razóns debidamente motivadas así o xustifiquen. O trámite de audiencia e información pública só se poderá omitir cando existan graves razóns de interese público, que se deberán xustificar no informe técnico.

5. Así mesmo, poderase solicitar, cando cumpra, o parecer dos departamentos da Administración xeral do Estado cuxas competencias se poidan ver especificamente afectadas pola regulación proxectada.

6. Cumpridos os trámites anteriores, remitirase, cando non lle correspondese a iniciativa, á persoa titular da Adxuntía á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos, quen poderá solicitar que se complete o expediente.

7. O proxecto de circular, xunto cunha memoria xustificativa e do expediente, elevarao a persoa titular da Adxuntía á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos, quen poderá solicitar outros informes sen prexuízo dos que resulten preceptivos.

8. Solicitarase o ditame do Consello de Estado por conduto da persoa titular do Ministerio de Xustiza.

9. Unha vez concluídos os trámites precedentes, o proxecto de circular será sometido á aprobación final da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos, sen que en ningún caso sexa posible a delegación desta facultade en ningún outro órgano.

10. As circulares serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado» e entrarán en vigor conforme o previsto no artigo 2 do Código civil.

Artigo 7. *Acción exterior.*

Corresponderalle á persoa titular da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos designar os representantes que deban formar parte da autoridade de control común de protección de datos prevista nos convenios internacionais de que España sexa parte.

Artigo 8. *Colaboración no ámbito da Administración de xustiza.*

A Axencia Española de Protección de Datos e o Consello Xeral do Poder Xudicial colaborarán a prol do adecuado exercicio das respectivas competencias que a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, lles atribúe en materia de protección de datos de carácter persoal no ámbito da Administración de xustiza.

Artigo 9. *Programación.*

A Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos aprobará, no primeiro semestre do seu nomeamento e con carácter quinquenal, un plan estratéxico co obxectivo de sentar as bases das liñas de actuación da Axencia no dito período, incorporando as accións específicas que cada departamento dela propuxese en relación coas súas respectivas materias, así como o calendario das circulares que se prevexa aprobar.

Artigo 10. *Memoria anual.*

1. A Axencia Española de Protección de Datos redactará unha memoria anual sobre a aplicación do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e das demais disposicións legais e regulamentarias sobre protección de datos, a cal comprenderá, ademais da información necesaria sobre o funcionamento da Axencia:

a) Unha lista de tipos de infraccións notificadas e de tipos de medidas adoptadas de conformidade co artigo 58, número 2, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

b) Unha análise e unha valoración dos problemas da protección de datos a escala nacional.

2. A memoria anual remitiráselles ao Congreso dos Deputados, ao Senado, ao Goberno, ao Defensor do Pobo e ás autoridades autonómicas de protección de datos, poñerase á disposición da Comisión Europea e do Comité Europeo de Protección de Datos, e publicarase na páxina web da Axencia.

Artigo 11. *Transparencia e publicidade.*

1. A Axencia Española de Protección de Datos publicará na súa páxina web as resolucións da súa presidencia que declaren se procede ou non a atención dos dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, as que poñan fin aos procedementos de reclamación, as que arquiven as actuacións previas de investigación, as que sancionen con apercibimento as entidades a que se refire o artigo 77.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e as que impoñan medidas cautelares.

2. Sen prexuízo do previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, será igualmente obxecto de publicación na páxina web toda aquela información que a Presidencia considere relevante e que contribúa ao mellor cumprimento das súas funcións.

CAPÍTULO II

Estrutura orgánica da Axencia Española de Protección de Datos*Sección 1.ª Da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos***Artigo 12. A Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos.**

1. A persoa titular da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos terá a consideración de alto cargo, con rango de subsecretario, e será designada de conformidade co procedemento establecido no artigo 48 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e só cesará polas causas que nel se establecen.

2. A persoa titular da Presidencia posuirá a titulación, a experiencia e as aptitudes, en particular no ámbito da protección de datos persoais, necesarias para o cumprimento das súas funcións e o exercicio dos seus poderes.

3. A persoa titular da Presidencia cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova persoa titular da Presidencia.

4. É un cargo de dedicación exclusiva, está suxeito ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral do Estado e será incompatible co exercicio de calquera actividade pública ou privada, retribuída ou non, salvo as que sexan inherentes á súa condición de titular da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos.

5. As retribucións da persoa titular da Presidencia fixaranse de acordo co disposto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades.

6. Da Presidencia depende directamente, como órgano directivo, a Adxuntía á Presidencia.

7. Así mesmo, dependen directamente da Presidencia os seguintes órganos con nivel orgánico de subdirección xeral:

- a) A Subdirección Xeral de Inspección de Datos.
- b) A Subdirección Xeral de Promoción e Autorizacións.
- c) A Secretaría Xeral.

8. Tamén dependen directamente da Presidencia, co nivel que se determine na relación de postos de traballo, as seguintes divisións:

- a) A División de Relacións Internacionais.
- b) A División de Innovación Tecnolóxica.

Artigo 13. Funcións da Presidencia.

1. Corresponde á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos:

- a) A dirección da Axencia.
- b) Exercer a súa representación legal e institucional.
- c) Aprobar as circulares da Axencia Española de Protección de Datos, de conformidade co previsto no artigo 6 deste estatuto.

- d) Ditar as resolucións e directrices que requira o exercicio das funcións da Axencia, en particular as derivadas do exercicio das competencias previstas no artigo 57 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e do exercicio dos poderes de investigación e dos poderes correctivos dispostos no artigo 58 do citado regulamento.

- e) Acordar a realización de plans de auditoría preventiva e ditar as directrices xerais ou específicas que resulten delas.

- f) Convocar, por iniciativa propia ou cando o solicite outra autoridade e, en todo caso, cada seis meses, as autoridades autonómicas de protección de datos para contribuír á

aplicación coherente do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

g) Solicitar e facilitar ás autoridades autonómicas de protección de datos a información necesaria para o cumprimento das súas funcións, en particular a relativa á actividade do Comité Europeo de Protección de Datos.

h) Requerir as autoridades autonómicas de protección de datos cando considere que un tratamento levado a cabo en materias que sexan competencia daquelas vulnera o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, para que adopten as medidas necesarias para a súa cesación e exercer as accións que procedan ante a xurisdición contencioso-administrativa.

i) Participar nas actividades e reunións do Comité Europeo de Protección de Datos como representante común do Estado español.

j) Exercer todas aquelas funcións non atribuídas expresamente a outros órganos da Axencia Española de Protección de Datos.

2. Así mesmo, correspóndelle:

a) Levar a cabo a dirección e xestión ordinaria da Axencia, no marco das funcións atribuídas neste punto.

b) Informar o Consello Consultivo de cantos asuntos concirnan aos servizos ao seu cargo.

c) Ser órgano de contratación da entidade.

d) Formular e aprobar as contas anuais da entidade, xunto co informe de auditoría de contas, de conformidade co disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

e) Acordar as variacións orzamentarias que se consideren necesarias e que non deban ser autorizadas pola persoa titular do Ministerio de Facenda, e propoñer aquelas que precisan autorización.

f) Autorizar, por causa xustificada, a disposición de gastos, o recoñecemento de obrigacións e ordenar os pagamentos correspondentes e movementos de fondos.

g) Propoñer a modificación dos límites xerais de compromiso de gasto con cargo a exercicios futuros por causa xustificada.

h) Subscribir, no ámbito das súas competencias, convenios con entidades públicas e privadas.

i) Exercer a xefatura superior do persoal e prever as necesidades de persoal da Axencia Española de Protección de Datos que se incorporarán na oferta anual de emprego público, nos termos previstos no artigo 32, aprobar as relacións de postos de traballo no marco dos criterios establecidos polo Ministerio de Facenda e a distribución do complemento de produtividade e outros incentivos ao rendemento, dentro da cantidade autorizada para estes efectos.

j) Convocar e resolver os procesos de provisión de postos de traballo que integren o persoal da Axencia Española de Protección de Datos e contratar o persoal laboral ao seu servizo nos termos previstos no artigo 34.

k) Acordar as actuacións en materia de xestión patrimonial da entidade.

l) Aprobar o inventario de bens e dereitos de conformidade co establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

m) As demais facultades que lle atribúa o Estatuto.

Artigo 14. *Independencia.*

1. A persoa titular da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos desempeñará o seu cargo con dedicación exclusiva, plena independencia e total obxectividade.

2. A persoa titular da Presidencia non recibirá instrucións de ningunha autoridade.

Artigo 15. *Delegación de competencias.*

A Presidencia da Axencia poderá delegar as súas funcións na Adxuntía á Presidencia, así como nas subdireccións xerais que dependan directamente da Presidencia e na Secretaría Xeral, nos termos previstos no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En ningún caso poderán ser obxecto de delegación as funcións relacionadas cos procedementos regulados polo título VIII da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de conformidade co seu artigo 48.2, nin a facultade para aprobar os proxectos de circulares, de acordo co artigo 6.9 deste estatuto.

Sección 2.^a A Adxuntía á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos

Artigo 16. *Adxuntía á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos.*

1. A persoa titular da Adxuntía á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos terá a consideración de alto cargo, con rango de director xeral.

2. A persoa titular da Adxuntía á Presidencia será designada de conformidade co procedemento establecido no artigo 48 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e só cesará polas causas que nel se establecen.

3. A persoa titular da Adxuntía á Presidencia posuirá a titulación, a experiencia e as aptitudes, en particular no ámbito da protección de datos persoais, necesarias para o cumprimento das súas funcións e o exercicio dos seus poderes.

4. A persoa titular da Adxuntía á Presidencia cesante continuará en funcións ata a toma de posesión do novo titular.

5. A Adxuntía á Presidencia é un cargo de dedicación exclusiva, está suxeito ao réxime de incompatibilidades dos altos cargos da Administración xeral do Estado e será incompatible co exercicio de calquera actividade pública ou privada, retribuída ou non, salvo as que sexan inherentes á súa condición de Adxuntía á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos.

Artigo 17. *Funcións da Adxuntía á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos.*

Corresponderanlle á persoa titular da Adxuntía á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos as seguintes competencias:

a) Exercer as funcións da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos nos casos de delegación previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e neste estatuto. Para estes efectos, a Presidencia poderá delegar as súas funcións na Adxuntía á Presidencia, coa excepción das relacionadas cos procedementos regulados no título VIII da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

b) Colaborar coa Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos nas relacións coas Cortes Xerais e co Defensor do Pobo e na cooperación coas autoridades de control das comunidades autónomas.

c) Colaborar coa Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos na planificación e no desenvolvemento da actividade internacional da Axencia.

d) Impulsar o procedemento de elaboración de circulares de conformidade co previsto no artigo 6 deste estatuto.

e) Preparar e propoñerlle á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos o borrador do plan estratéxico e da memoria anual, así como o impulso e seguimento das actuacións unha vez aprobadas.

f) Coordinar a formación especializada da Axencia.

g) Asumir as restantes funcións que se lle encomendan nas leis e disposicións regulamentarias vixentes.

Artigo 18. *Independencia.*

1. A persoa titular da Adxuntía á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos desempeñará o seu cargo con dedicación exclusiva, plena independencia e total obxectividade.

2. Sen prexuízo das competencias que lle corresponden á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos, a persoa titular da Adxuntía non recibirá instrucións de ningunha autoridade.

Sección 3.^a Procedemento de designación da Presidencia e da Adxuntía

Artigo 19. *Inicio do procedemento de nomeamento e convocatoria.*

1. Dous meses antes de producirse a expiración do mandato ou, no resto das causas de cesamento, cando se producise este, publicarase no «Boletín Oficial del Estado» a convocatoria pública de persoas candidatas mediante orde da persoa titular do Ministerio de Xustiza.

2. Na orde regularanse as bases da convocatoria.

Nela especificaranse os requisitos que cómpre avaliar das persoas candidatas, que permitan acreditar que se trata de persoas de recoñecida competencia profesional, en particular en materia de protección de datos, sobre a base do mérito, a capacidade, a competencia e a idoneidade, entre os cales se poden recoller as capacidades legais da persoa candidata, a experiencia profesional, a capacidade de desenvolver o traballo ou os coñecementos técnicos, en particular referidos ao ámbito de protección de datos.

3. A idoneidade das persoas candidatas exixirá que a súa independencia, conduta irreprochable e integridade deben estar fóra de toda dúbida.

4. As solicitudes de participación no procedemento de selección presentaranse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 20. *Comité de Selección.*

1. Unha vez convocado o procedemento, constituirase un comité de selección coa finalidade de examinar as candidaturas e propoñer a persoa candidata máis idónea.

2. O Comité estará composto por:

- a) A persoa titular da Secretaría de Estado de Xustiza, que exercerá a Presidencia.
- b) A persoa titular da Subsecretaría do Ministerio para a Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.
- c) Un maxistrado ou unha maxistrada da Sala Terceira do Tribunal Supremo, por proposta do Ministerio de Xustiza.
- d) Un ou unha xurista de recoñecida competencia, con polo menos dez anos de actividade profesional en materia de protección de datos, por proposta do Ministerio de Xustiza.
- e) A persoa titular dun organismo de protección de datos autonómico ou unha das persoas que ocupasen o posto da Dirección ou Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos con anterioridade ao saínte, por proposta do Ministerio de Xustiza.

3. A Secretaría corresponderá a un membro da Avogacía do Estado, designado pola persoa titular da Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, que asistirá ás reunións con voz, pero sen voto.

Os acordos do Comité de Selección adoptaranse por maioría dos seus membros.

4. O Comité de Selección deberá ser paritario.

5. Poderá solicitar o apoio das persoas asesoras que xulgue necesarias para a correcta realización das súas funcións.

Artigo 21. *Principios aplicables ao procedemento.*

O procedemento respectará en todas as súas fases os principios de mérito, capacidade, competencia e idoneidade, así como o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes no acceso ao emprego público, de acordo coa Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e o principio de igualdade no acceso ás funcións e cargos públicos, recollido no artigo 23.2 da Constitución. A convocatoria respectará tamén os principios de igualdade e non discriminación das persoas con discapacidade.

Artigo 22. *Proposta e comunicación de candidaturas.*

1. O Comité de Selección examinará as solicitudes xunto coa documentación achegada e realizará, de ser o caso, as entrevistas oportunas.

2. Unha vez valoradas as solicitudes de participación no procedemento de selección, o Comité de Selección propoñerá unha candidatura á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos e á Adxuntía á Presidencia de entre aquelas que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 12.2 e 16.3, respectivamente, e atendidos os méritos e os criterios de valoración establecidos na convocatoria, xunto co seu informe xustificativo.

A persoa titular do Ministerio de Xustiza elevará a dita proposta, xunto co informe do Comité de Selección, ao Consello de Ministros.

3. O Consello de Ministros debaterá a proposta do Comité de Selección á luz do informe, e decidirá mediante acordo a proposta de Presidencia e Adxuntía, que se remitirá ao Congreso dos Deputados xunto co informe xustificativo.

No caso de que o Consello de Ministros considere que a proposta realizada polo Comité de Selección non resulta idónea, devolveraa ao Comité de Selección mediante acordo motivado e outorgaralle un novo prazo para que formule nova proposta ao Consello de Ministros.

4. O acordo adoptado no Consello de Ministros coa proposta de Presidencia e Adxuntía será publicado no «Boletín Oficial del Estado» mediante orde da persoa titular do Ministerio de Xustiza.

Sección 4.ª O Consello Consultivo da Axencia Española de Protección de Datos

Artigo 23. *O Consello Consultivo.*

1. O Consello Consultivo da Axencia Española de Protección de Datos, coa composición que se establece no artigo 49 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, é un órgano colexiado de asesoramento da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos.

2. O Consello Consultivo emitirá informe en todas as cuestións que lle someta a Presidencia da Axencia de Protección de Datos e poderá formular propostas en temas relacionados coas materias de competencia desta.

Artigo 24. *Prazo e vacantes.*

1. Os membros do Consello Consultivo desempeñarán o seu cargo durante cinco anos.

2. Exceptúanse do establecido no punto anterior os seguintes supostos:

a) Nomeamento do vogal para desempeñar a Presidencia da Axencia de Protección de Datos ou a Adxuntía á Presidencia.

b) Renuncia anticipada do vogal.

c) Perda da condición que habilitou o vogal para ser proposto, nos supostos previstos nas letras a) e b) do artigo 49 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

d) Proposta de cesamento emanada das institucións, órganos, corporacións ou organizacións a que se refire o citado artigo.

3. As vacantes que se produzan no Consello Consultivo antes de expirar o prazo a que se refire o número 1 deberán ser cubertas dentro do mes seguinte á data en que se producise a vacante, na forma establecida polo artigo 49.3 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e polo tempo que reste para completar o mandato de quen causou a vacante que se vai cubrir.

4. Os membros do Consello Consultivo non percibirán ningunha retribución, sen prexuízo do aboamento dos gastos, debidamente xustificados, que lles ocasione o exercicio da súa función de conformidade, de ser o caso, co establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Artigo 25. *Renovación do Consello Consultivo.*

1. Antes de finalizar o mandato dos membros do Consello Consultivo, a persoa titular do Ministerio de Xustiza requirirá as institucións, órganos, corporacións e organizacións a que se refire o artigo 49 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, co fin de que lle comuniquen os nomes das persoas que propoñan para un novo mandato no Consello Consultivo, o que se deberá efectuar dentro do mes seguinte á formulación do referido requirimento.

2. Unha vez transcorrido o prazo sinalado para cumprir o requirimento, a persoa titular do Ministerio de Xustiza procederá, sen máis trámites, a nomear como membros do Consello Consultivo, mediante orde que se publicará no «Boletín Oficial del Estado», os propostos, que tomarán posesión da súa condición na mesma data en que expire o mandato dos membros do Consello anterior.

Artigo 26. *Funcionamento.*

1. No non previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e neste estatuto, o Consello Consultivo rexerase polo establecido en materia de órganos colexiados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. O Consello Consultivo adoptará os seus acordos en sesión plenaria.

3. Actuará como Presidencia do Consello Consultivo a Presidencia da Axencia de Protección de Datos.

4. Desempeñará a Secretaría do Consello Consultivo, con voz e sen voto, o titular da Secretaría Xeral da Axencia de Protección de Datos. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, desempeñará a Secretaría unha persoa funcionaria adscrita á Secretaría Xeral designada pola Presidencia da Axencia para ese efecto.

5. O Consello Consultivo reunirse cando así o dispoña a Presidencia da Axencia e, en todo caso, unha vez ao semestre. Tamén se reunirá cando así o solicite a maioría dos seus membros.

6. A persoa que desempeñe a Secretaría convocará as reunións do Consello Consultivo, de orde da Presidencia da Axencia, e trasladará a convocatoria aos membros do Consello.

7. O Consello Consultivo quedará validamente constituído, en primeira convocatoria, se están presentes a persoa que actúe como Presidencia, a persoa que desempeñe a Secretaría e a metade dos membros do Consello, e, en segunda convocatoria, se están presentes a persoa que actúe como Presidencia, a persoa que desempeñe a Secretaría e a terceira parte dos membros do Consello.

8. As decisións tomadas polo Consello Consultivo non terán en ningún caso carácter vinculante.

Sección 5.ª Outros órganos directamente dependentes da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos

Artigo 27. A Subdirección Xeral de Inspección de Datos.

1. A Subdirección Xeral de Inspección de Datos é o órgano administrativo, dependente da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos, que desenvolve as competencias previstas no artigo 57.1, letras f), g), h), i) e u) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e realiza as funcións de inspección e de instrución necesarias para o exercicio dos poderes de investigación establecidos no artigo 58.1, letras a), b), d), e) e f) e dos poderes correctivos dispostos no artigo 58.2, letras a), b), c), d), f), g), i) e j), ambos do citado regulamento.

2. Co obxecto de cumprir os labores establecidos no punto anterior, á Subdirección Xeral de Inspección de Datos correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A supervisión permanente do cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e das disposicións que a desenvolvan, por parte dos responsables e encargados dos tratamentos.

b) O exercicio das potestades de investigación definidas no artigo 51 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

c) A realización de plans de auditoría preventiva que recolle o artigo 54 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, referidos aos tratamentos dun sector concreto de actividade. De resultas deses plans, correspóndelle a proposta á Presidencia da Axencia de emisión de directrices xerais ou específicas tendentes a asegurar a plena adaptación do sector ou responsable á normativa e a procurar a aplicación dos dereitos e garantías recoñecidos no título X da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, na medida en que estes afecten tratamentos de datos persoais cuxa investigación e, de ser o caso, proposta de imposición de medida correctiva ou sancionadora corresponda á Subdirección Xeral de Inspección de Datos.

d) A tramitación dos procedementos en caso de posible vulneración da normativa de protección de datos conforme o disposto no título VIII da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, incluídas as reclamacións dos cidadáns por falta de atención nas súas solicitudes de exercicio dos dereitos recollidos nos artigos 15 ao 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016. Correspóndelle á Subdirección Xeral de Inspección de Datos o deber de informar o reclamante sobre o curso e o resultado da reclamación presentada ante a Axencia Española de Protección de Datos, de acordo co disposto no artigo 77.2 do citado regulamento.

e) A avaliación da admisibilidade a trámite das reclamacións que se presenten ante a Axencia Española de Protección de Datos e a proposta á Presidencia de decisión sobre a admisión ou inadmisión a trámite, conforme o establecido no artigo 65 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

f) O traslado da reclamación ao responsable do tratamento ou ao seu delegado de Protección de Datos, ou ao organismo de supervisión establecido para a aplicación dos códigos de conduta, co fin de que dean resposta á reclamación antes de resolver sobre a súa admisión a trámite, segundo o establecido no artigo 65.4 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

g) A análise da competencia da Axencia Española de Protección de Datos respecto das reclamacións que reciba, a determinación do seu carácter nacional ou transfronteirizo, e a remisión, cando cumpra, á autoridade de control principal que se determine, segundo o disposto no artigo 66 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

h) A realización de actuacións previas de investigación acordadas pola Presidencia por propia iniciativa, a raíz dunha reclamación, ou por petición doutro órgano ou autoridade de control, co fin de lograr unha mellor determinación dos feitos e das circunstancias que

xustifican a tramitación do procedemento, segundo o disposto no artigo 67 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

i) A instrución do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora en caso de infracción do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e das normas de dereito interno que a desenvolvan, conforme o réxime sancionador disposto no título IX da citada lei orgánica.

j) A proposta á Presidencia do acordo de inicio do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, segundo o establecido no artigo 68 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

k) Durante as actuacións previas de investigación ou iniciado un procedemento sancionador, a proposta á Presidencia de acordar motivadamente as medidas provisionais necesarias e proporcionadas para salvagardar o dereito fundamental á protección de datos e, en especial, as previstas no artigo 66.1 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, o bloqueo cautelar dos datos e a obrigaón inmediata de atender o dereito solicitado, conforme o establecido no artigo 69 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

l) A instrución do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora pola comisión das infraccións tipificadas nos artigos 38.3.c), d) e i) e 38.4.d), g) e h) da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, conforme o disposto no artigo 43.1 da citada lei.

m) A instrución do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora pola comisión das infraccións graves do artigo 77 tipificadas no número 37 e das infraccións leves do artigo 78 tipificadas no número 11 da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións, cando se vulneren os dereitos dos usuarios finais sobre protección de datos e privacidade recoñecidos no artigo 48, de acordo co establecido no artigo 84.3 da referida lei.

n) A proposta á Presidencia da Axencia de impoñer aquela medida correctiva que resulte idónea en cada caso para garantir a protección dos datos de carácter persoal. Conforme o disposto no artigo 58.2 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, poderá propoñer que se lle ordene ao responsable ou encargado do tratamento que atenda as solicitudes de exercicio dos dereitos do interesado, ordenar ao responsable ou encargado que as operacións de tratamento se axusten á normativa ou se realicen dunha determinada maneira e dentro dun prazo especificado, que se impoña unha limitación temporal ou definitiva do tratamento, incluída a súa prohibición ou que se ordene a suspensión de fluxos de datos cara a un destinatario situado nun terceiro país ou cara a unha organización internacional.

o) Na instrución dos procedementos sancionadores, de acordo co previsto no artigo 76 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, a proposta á Presidencia de impoñer a sanción que se considere adecuada, que poderá ser de multa administrativa ademais ou en lugar das outras medidas correctivas previstas no artigo 58.2 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, atendendo aos feitos e ás circunstancias de cada caso individual e ás condicións establecidas no artigo 83 do citado regulamento.

p) Respecto das reclamacións que xestiona, das actuacións de investigación que realiza e dos procedementos sancionadores que instrúe, a práctica das notificacións e comunicacións que sexan precisas nos actos de trámite, así como o rexistro dos datos pertinentes no sistema de comunicación coas autoridades de control da Unión Europea.

q) A xestión de rexistros internos de infraccións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e das medidas adoptadas, segundo o establecido no artigo 57.1.u) do citado regulamento.

r) A cooperación coas autoridades autonómicas de protección de datos que asumisen o exercicio das funcións establecidas nos artigos 57 e 58 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, remitíndolles aquelas

reclamacións que sexan da súa competencia conforme o disposto no artigo 57 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

s) A participación na acción exterior da Axencia Española de Protección de Datos no referente ás competencias da Subdirección Xeral. Particularmente, a cooperación coas demais autoridades de control da Unión Europea respecto das reclamacións por infracción do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, as actuacións de investigación e dos procedementos sancionadores que tramiten as autoridades de control dos Estados membros, compartindo información e prestando asistencia mutua, conforme o establecido nos seus artigos 59, 60 e 61 do citado regulamento, co fin de garantir a coherencia na súa aplicación e execución.

t) Respecto dos recursos que se interpoñan contra as actuacións realizadas pola Subdirección Xeral, a tramitación dos recursos en vía administrativa, así como a coordinación da relación cos órganos xurisdicionais e cos demais órganos da Axencia que interveñen na xestión dos recursos contencioso-administrativos.

u) A coordinación da aplicación, no ámbito da Subdirección Xeral, do sistema informático que estableza o Comité Europeo de Protección de Datos para a comunicación e compartición da información entre as autoridades de protección de datos da Unión Europea.

Artigo 28. *A Subdirección Xeral de Promoción e Autorizacións.*

Correspóndelle á Subdirección Xeral de Promoción e Autorizacións o desenvolvemento das seguintes funcións:

a) Promover a sensibilización da cidadanía e a súa comprensión dos riscos, normas, garantías e dereitos en relación co tratamento de datos, en especial cando se trate de actividades dirixidas especificamente aos nenos, segundo o establecido no artigo 57.1.b) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

b) Promover a sensibilización dos responsables e encargados do tratamento acerca das obrigacións que lles incumben en virtude do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, segundo o disposto no seu artigo 57.1.d).

c) Facilitar, logo de solicitude, información aos cidadáns en relación co exercicio dos seus dereitos en virtude do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, conforme o seu artigo 57.1.e).

d) O rexistro e publicidade dos delegados de protección de datos de acordo cos artigos 37.7 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e 34.4 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

e) Elaborar as cláusulas contractuais tipo a que se refiren o artigo 28.8 e o artigo 46.2.d) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e propoñerlle á Presidencia a súa aprobación ou adopción, de acordo co seu artigo 57.1.j).

f) Alentar a elaboración de códigos de conduta e ditaminar e propoñerlle á Presidencia a aprobación dos que proporcionen suficientes garantías consonte o artigo 40.5 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, conforme o seu artigo 57.1.m).

g) Elaborar e publicar os criterios para a acreditación de organismos de supervisión dos códigos de conduta conforme o artigo 41, e de organismos de certificación consonte o artigo 43 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, de acordo co seu artigo 57.1.p).

h) Propoñerlle á Presidencia a acreditación de organismos de supervisión dos códigos de conduta conforme o artigo 41, e de organismos de certificación consonte o artigo 43 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, en virtude do seu artigo 57.1.q).

i) Fomentar a creación de mecanismos de certificación da protección de datos e de selos e marcas de protección de datos, segundo o previsto no artigo 57.1.n) do

Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016; propoñerlle á Presidencia a aprobación dos criterios de certificación de conformidade co seu artigo 42.5 e a expedición de certificacións, o rexistro das concesións, denegacións ou revogacións das acreditacións e das certificacións expedidas e a realización de revisións periódicas das certificacións expedidas, conforme os artigos 43.5 e 57.1.n) e o) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e o artigo 39 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

j) Propoñerlle á Presidencia a retirada de certificacións ou a orde ao organismo de certificación para que retire certificacións emitidas conforme os artigos 42 e 43 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, ou que non se emita unha certificación cando non se cumpran ou deixen de cumprirse os requisitos para a certificación, de acordo co seu artigo 58.2.h).

k) Propoñerlle á Presidencia a autorización das transferencias internacionais en virtude de cláusulas contractuais e acordos administrativos a que se refire o artigo 46, número 3, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, de acordo co seu artigo 57.1.r).

l) Propoñerlle á Presidencia a aprobación de normas corporativas vinculantes de conformidade co disposto no artigo 47 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e no seu artigo 57.1.s).

m) Propoñerlle á Presidencia a suspensión dos fluxos de datos cara a un destinatario situado nun terceiro país ou cara a unha organización internacional de acordo co artigo 58.2.j) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, nos supostos de modificación das circunstancias que determinaron o outorgamento da autorización ou a aprobación a que se refiren os dous puntos anteriores.

n) O rexistro dos sistemas de exclusión publicitaria e a súa publicación conforme o disposto no artigo 23.2 de la Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

o) Propoñerlle á Presidencia as excepcións á obrigação de bloqueo nos supostos establecidos no artigo 32 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.

p) O exercicio das funcións que a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, lles atribúe ás unidades de información.

q) A xestión das queixas e suxestións, de conformidade co Real decreto 951/2005, do 29 de xullo, polo que se establece o marco xeral para a mellora da calidade na Administración xeral do Estado.

Artigo 29. *A Secretaría Xeral da Axencia Española de Protección de Datos.*

1. A Axencia Española de Protección de Datos contará cunha secretaría xeral, con nivel orgánico de subdirección xeral, baixo a inmediata dirección da Presidencia, á cal lle corresponde ter ao seu cargo os servizos comúns e de carácter administrativo da entidade.

2. A Secretaría Xeral da Axencia Española de Protección de Datos terá atribuídas as seguintes funcións:

- a) Elaborar os informes e as propostas que lle solicite a Presidencia.
- b) Notificar as resolucións da Presidencia, salvo as que se diten por delegación, que serán notificadas polo órgano delegado.
- c) Exercer a Secretaría do Consello Consultivo: preparar os asuntos e a documentación que se deban someter ás súas deliberacións, elaborar as actas das sesións, expedir certificacións dos acordos adoptados e tramitar os acordos adoptados.
- d) A colaboración na preparación de conferencias, seminarios e calquera outra actividade similar que organice a Axencia Española de Protección de Datos.
- e) A xestión e administración de recursos humanos, incluídas a elaboración da relación de postos de traballo, a xestión dos procesos de selección do persoal laboral, a xestión da acción social e a formación dos recursos humanos, baixo a supervisión da Presidencia.
- f) A planificación e a execución da política de prevención de riscos laborais.

- g) O mantemento das relacións cos órganos de participación e representación do persoal.
- h) A xestión dos recursos materiais da Axencia Española de Protección de Datos e, no exercicio das competencias en materia patrimonial correspondentes á Axencia, a conservación e mantemento e seguridade do seu patrimonio, e levar o inventario dos bens e dereitos que se integren nel.
- i) O réxime interior, os asuntos xerais e a coordinación e inspección das instalacións e servizos da Axencia.
- j) A xestión económico-financeira e patrimonial da entidade, a elaboración do anteproxecto do orzamento anual da Axencia Española de Protección de Datos e a tramitación das súas variacións.
- k) A tramitación dos expedientes de contratación para adquisición de bens e servizos, así como a habilitación do material.
- l) A xestión orzamentaria, dos ingresos e gastos, a realización das cobranzas e pagamentos e a xestión da tesouraría da Axencia.
- m) As actuacións referentes á xestión contable e á súa tramitación documental, e á preparación das contas da entidade para a súa rendición e aprobación.
- n) Organizar, supervisar, liquidar e controlar a recadación en período voluntario dos ingresos por sancións impostas pola Axencia Española de Protección de Datos ao abeiro do previsto polo artigo 46 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro.
- o) A dirección e organización dos servizos de arquivamento e rexistro da Axencia Española de Protección de Datos.
- p) O desenvolvemento dos sistemas de información dos servizos comúns, dos sistemas de administración electrónica, o deseño e execución de plans e coordinación das actuacións e prestación dos servizos en materia de tecnoloxías da información e das comunicacións, a xestión e o mantemento da sede electrónica e dos sitios web, a xestión da rede interna de comunicacións, a xestión dos medios informáticos e telemáticos e a súa asignación ás distintas unidades orgánicas.
- No exercicio destas funcións, a Secretaría Xeral poderá optar pola utilización e o aproveitamento de módulos e servizos comúns de administración electrónica, nos termos que se acorden cos órganos responsables nesta materia da Administración xeral do Estado.
- q) Redactar, propoñer e tramitar os convenios con entidades públicas e privadas que subscribirá a Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos.
- r) O exercicio das competencias en materia de xestión documental, estatística, recursos documentais, biblioteca e publicacións da Axencia Española de Protección de Datos.
- s) O deseño e a implementación dun sistema de avaliación do desempeño do persoal no marco do establecido na normativa vixente.
- t) Exercer as potestades administrativas derivadas das funcións da Axencia, así como a xestión dos asuntos horizontais que non se correspondan con competencias especificamente atribuídas a outras unidades da Axencia e as cales lle sexan atribuídas por normas legais ou regulamentarias.
- u) Desempeñar as demais facultades e funcións que lle atribúa o Estatuto e calquera outra norma aplicable, así como as que lle delegue, de ser o caso, a Presidencia, de entre as recollidas nas letras a) a l) do número 2 do artigo 13.

Artigo 30. *División de Relacións Internacionais.*

Correspóndelle á División de Relacións Internacionais:

- a) Organizar e coordinar a actividade internacional da Axencia Española de Protección de Datos no seu ámbito competencial, de acordo cos criterios e directrices establecidos pola Presidencia da Axencia.
- b) Coordinar a participación da Axencia Española de Protección de Datos en reunións, organizacións e foros internacionais, en particular no ámbito do Comité Europeo

de Protección de Datos ou noutros grupos de traballo en materia de protección de datos constituídos ao abeiro do dereito de Unión Europea.

c) Coordinar a preparación da posición da Axencia Española de Protección de Datos nas discusións e negociacións internacionais, en particular nas desenvolvidas no seo do Comité Europeo de Protección de Datos.

d) Coordinar e asesorar os órganos da Axencia Española de Protección de Datos sobre os aspectos internacionais relacionados coas súas funcións, en particular os que deriven da actividade do Comité Europeo de Protección de Datos.

e) Elaborar informes, estudos ou análises sobre a situación ou evolución no ámbito internacional das materias relacionadas coa protección de datos.

f) Contribuír, sen prexuízo da competencia específica doutros órganos da Axencia e conforme as directrices da Presidencia, á coordinación da cooperación na acción exterior en materias relacionadas coa protección de datos con outros órganos da Administración xeral do Estado e entidades do sector público estatal, así como das comunidades autónomas, e coas entidades locais, en particular coas autoridades autonómicas de protección de datos.

g) Organizar e coordinar a participación da Axencia Española de Protección de Datos en proxectos e actividades de carácter internacional en materia de protección de datos.

Artigo 31. *División de Innovación Tecnolóxica.*

Correspóndelle á División de Innovación Tecnolóxica:

a) Asesorar a Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos, e as súas distintas unidades, sobre os temas tecnolóxicos que teñen relevancia na protección de datos de carácter persoal, e, para iso, analizar as implicacións e alternativas do estado da arte da tecnoloxía e xerar o coñecemento necesario para anticiparse aos seus cambios.

b) Impulsar a protección de datos como un factor de confianza e garantía de calidade en beneficio do desenvolvemento económico da sociedade, co obxecto de promover a sensibilización de responsables e cidadáns, incluído o desenvolvemento e mantemento de ferramentas de axuda para o cumprimento por parte deles e a elaboración de guías que impulsen o cumprimento do principio de responsabilidade activa do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, no ámbito tecnolóxico, segundo o seu artigo 57.1.b) e d).

c) Impulsar as medidas que garantan a compatibilidade do desenvolvemento tecnolóxico coa privacidade asegurando os dereitos dos cidadáns segundo o previsto no artigo 57.1.i) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016; en particular, o asesoramento a emprendedores e desenvolvedores tecnolóxicos, a realización de estudos de prospección tecnolóxica, informar e asesorar os proxectos tecnolóxicos con implicacións no dereito á protección de datos das persoas, participar en proxectos tecnolóxicos de ámbito internacional de interese público sobre a base do dereito de Unión Europea ou dos Estados membros e promover a colaboración coas universidades co fin de impulsar a protección de datos en proxectos e contidos curriculares xurídicos e técnicos.

d) Xestionar o Rexistro de Fendas de Seguridade para facilitarlles aos responsables o cumprimento do previsto no artigo 33 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

e) Analizar e clasificar as fendas de seguridade e, de ser o caso, propoñer motivadamente á Presidencia a iniciación dunha investigación cando aprecie indicios da comisión dunha infracción.

f) Emitir informes, recomendacións e ditames sobre as consultas previas realizadas polos responsables conforme o artigo 36 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, en virtude do previsto no seu artigo 57.1.l).

g) Elaborar unha lista positiva e, de ser o caso, outra negativa de tratamentos que requiren a realización de avaliacións de impacto segundo o previsto no artigo 57.1.k) do

Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.

CAPÍTULO III

Persoal ao servizo da Axencia Española de Protección de Datos

Artigo 32. *Réxime de persoal.*

1. O persoal ao servizo da Axencia Española de Protección de Datos será funcionario ou laboral.

2. En todo caso, o exercicio das funcións que implique a participación directa ou indirecta no exercicio de potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais do Estado e das administracións públicas correspóndelle exclusivamente ao persoal funcionario público.

3. A persoa titular da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos presentará anualmente ao Ministerio de Política Territorial e Función Pública a proposta de oferta de emprego público da Axencia, para a súa aprobación e inclusión independente na oferta de emprego público da Administración xeral do Estado. A dita proposta terá en conta as necesidades de recursos humanos da Axencia para o adecuado exercicio das súas funcións.

Artigo 33. *Persoal funcionario.*

1. O persoal funcionario da Axencia Española de Protección de Datos rexerá polo previsto no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e demais normas aplicables ao persoal funcionario da Administración xeral do Estado.

2. O persoal funcionario que desenvolva actividades de investigación terá a consideración de axente da autoridade no exercicio das súas funcións e estará obrigado a gardar segredo sobre as informacións que coñeza con ocasión do dito exercicio, mesmo despois de ter cesado nel.

3. A Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos convocará e resolverá os procedementos de provisión de postos de traballo de conformidade cos procedementos de provisión establecidos na normativa sobre función pública. Tanto as convocatorias como as súas resolucións publicaranse no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 34. *Persoal laboral.*

1. O persoal laboral da Axencia Española de Protección de Datos rexerá polo texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, pola normativa convencional aplicable no seu caso e polos preceptos do texto refundido de la Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que expresamente lle resulten de aplicación.

2. Corresponderalle á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos a subscripción dos contratos de traballo do persoal laboral, que será seleccionado, en execución da oferta de emprego público prevista no artigo 32, mediante convocatoria pública que, ademais de adecuarse á relación de postos de traballo da Axencia, se suxeitará aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade previstos no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como do acceso ao emprego público das persoas con discapacidade.

Artigo 35. *Relación de postos de traballo.*

1. A Axencia Española de Protección Datos elaborará e aprobará a súa relación de postos de traballo, no marco dos criterios establecidos polos ministerios de Facenda e de Política Territorial e Función Pública, respectando o límite de gasto de persoal establecido no orzamento.

2. As relacións de postos de traballo da Axencia Española de Protección de Datos comprenderán de forma diferenciada:

a) Os postos de traballo que desempeñará o persoal funcionario. Conterán a súa denominación, tipo e sistema de provisión, requisitos exixidos para o seu desempeño, así como o nivel de destino, e, de ser o caso, o complemento específico que lles corresponden.

b) Os postos de traballo que desempeñará o persoal laboral, fixo ou temporal. Conterán o grupo profesional, a familia profesional e/ou a especialidade e os complementos do posto, así como as súas características específicas, cando cumpra, e, de ser o caso, os requisitos de carácter profesional necesarios para o seu desempeño.

Artigo 36. *Retribucións.*

As retribucións do persoal funcionario e laboral da Axencia axustaranse de acordo co disposto na materia nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Artigo 37. *Avaliación do desempeño.*

No marco da política de recursos humanos, e conforme os principios establecidos no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, establecerase un sistema de avaliación que sirva de instrumento obxectivo para a valoración do desempeño do posto de traballo, para efectos retributivos e de carreira profesional do persoal ao servizo da entidade. O correspondente sistema de avaliación permitirá valorar os rendementos colectivos das unidades, así como realizar unha valoración individual do desempeño de cada posto de traballo.

Artigo 38. *Incompatibilidades do persoal da Axencia Española de Protección de Datos.*

O persoal da Axencia Española de Protección de Datos estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 39. *Deber de segredo profesional.*

O persoal ao servizo da Axencia Española de Protección de Datos deberá gardar segredo, mesmo despois de cesar nas súas funcións, sobre os datos persoais que coñeza no desempeño das súas tarefas e de cantas informacións de natureza confidencial coñecese no exercicio daquelas.

Para ese efecto, a Axencia Española de Protección de Datos elaborará unha política específica para garantir a confidencialidade da información que non teña o carácter de pública, dentro da cal se integrará o código ético do persoal ao servizo da Axencia, que será obxecto de publicación na súa páxina web.

CAPÍTULO IV

Réxime económico, orzamentario, patrimonial e de contratación*Sección 1.ª Réxime económico-financeiro, patrimonial e de contratación*Artigo 40. *Recursos económicos.*

1. Os recursos económicos da Axencia Española de Protección de Datos comprenderán:

- a) As asignacións que se establezan con cargo aos orzamentos xerais do Estado.
- b) Os bens e valores que constitúen o seu patrimonio e os produtos e rendas do dito patrimonio.
- c) Os ingresos, ordinarios e extraordinarios, derivados do exercicio das súas actividades, incluídos os derivados do exercicio das potestades establecidas no artigo 58 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.
- d) As subvencións e achegas que se concedan ao seu favor, procedentes de fondos específicos da Unión Europea ou doutros organismos internacionais.
- e) Calquera outro que legalmente poida serlle atribuído.

2. O resultado positivo dos seus ingresos destinarao a Axencia Española de Protección de Datos á dotación das súas reservas co fin de garantir a súa plena independencia.

Artigo 41. *Recadación.*

1. A xestión e recadación das taxas, prezos públicos e calquera outro recurso público cuxa xestión estea atribuída á Axencia Española de Protección de Datos correspóndelle á dita autoridade, que poderá utilizar para a súa efectividade o procedemento administrativo de constrinximento.

2. A Axencia Española de Protección de Datos poderá convir coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a xestión recadatoria en período executivo dos seus recursos de dereito público na forma prevista no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Artigo 42. *Patrimonio.*

1. A Axencia Española de Protección de Datos terá, para o cumprimento dos seus fins, un patrimonio propio e independente do da Administración xeral do Estado, integrado polo conxunto de bens e dereitos de que sexa titular.

2. A xestión e administración dos bens e dereitos propios, así como daqueles do patrimonio do Estado que se lle adscriban para o cumprimento dos seus fins, será exercida de acordo co sinalado neste estatuto e co establecido para os organismos públicos na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. Correspóndelle á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos acordar a adquisición por calquera título dos bens inmobles e dereitos que resulten necesarios para os fins da institución, así como o seu uso e arrendamento, de acordo co procedemento establecido na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

4. A Axencia Española de Protección de Datos formará e manterá actualizado o seu inventario de bens e dereitos, tanto dos propios como dos bens do patrimonio do Estado adscritos á dita entidade, que se revisará anualmente, con referencia ao 31 de decembro, e se someterá á aprobación da Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos. O inventario e as súas modificacións remitiranse anualmente ao Ministerio de Facenda no primeiro mes de cada ano natural.

5. Os bens que o Estado adscriba á Axencia quedarán afectados ao seu servizo e conservarán a cualificación xurídica orixinaria, e deberán ser utilizados exclusivamente para os fins que determinaron a adscrición.

6. A persoa titular da Presidencia poderá acordar a innecesariedade para o servizo dos bens mobles e, de ser o caso, o alleamento, a cesión gratuíta ou a destrución do material non útil, así como calquera outro de igual natureza, e aplicará o seu produto aos fins propios da Axencia.

Artigo 43. *Contratación.*

1. A actividade contractual da Axencia Española de Protección de Datos queda suxeita á Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como á súa normativa de desenvolvemento.

2. Para os citados efectos, aplicará o réxime previsto nas citadas normas para as administracións públicas.

3. O órgano de contratación da Axencia Española de Protección de Datos é a Presidencia, quen poderá delegar esta competencia salvo para contratos cuxo valor estimado for igual ou superior a 120.000 euros.

4. A Axencia poderá acordar a súa adhesión a sistemas de contratación centralizada ou a cofinanciamento conxunto de contratos co Ministerio de Facenda cando diso resulte unha maior eficiencia na asignación de recursos.

5. A Axencia recibirá as facturas electrónicas que emitan os seus provedores a través do punto xeral de entrada de facturas electrónicas correspondente á Administración xeral do Estado, nos termos previstos na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

Sección 2.ª Réxime orzamentario, de contabilidade e control económico-financeiro

Artigo 44. *Orzamentos.*

1. A Axencia Española de Protección de Datos elaborará e aprobará anualmente o seu orzamento, coa estrutura que estableza o Ministerio de Facenda, e remitirao ao Goberno para que sexa integrado, con independencia, nos orzamentos xerais do Estado.

2. O orzamento da Axencia terá carácter limitativo polo seu importe global e carácter estimativo para a distribución dos créditos por categorías económicas, con excepción dos correspondentes a gastos de persoal que, en todo caso, terán carácter limitativo e vinculante pola súa contía total, e dos créditos que establezan asignacións identificando receptor ou beneficiario, salvo as destinadas a atender transferencias correntes ou de capital ao exterior, e as atencións protocolarias e representativas, que terán carácter limitativo e vinculante, calquera que sexa o nivel da clasificación económica a que se establezan.

3. A execución e modificación do orzamento da Axencia Española de Protección de Datos rexeranse polas disposicións da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que lle sexan de aplicación. A execución do orzamento da Axencia correspóndelle á súa presidencia.

4. O réxime de modificacións dos créditos do orzamento axustarase ao seguinte:

a) As modificacións do orzamento da Axencia serán autorizadas pola Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos cando non incrementen a contía global do orzamento, salvo que afecten os créditos para gastos de persoal; nese caso a autorización será competencia do titular do Ministerio de Facenda.

b) Correspóndelle igualmente á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos autorizar as modificacións orzamentarias que impliquen un incremento de ata un tres por cento dos créditos iniciais do seu orzamento total de gastos cando sexan consecuencia de necesidades xurdidas durante o exercicio, e sempre que non se incrementen os créditos para gastos de persoal; nese caso será competencia do titular do Ministerio de Facenda.

c) Correspóndelle ao titular do Ministerio de Facenda autorizar as modificacións orzamentarias que impliquen un incremento por riba do tres por cento dos créditos iniciais do orzamento da Axencia e sempre que non excedan un cinco por cento.

d) Correspóndenlle ao Goberno as modificacións que impliquen un incremento por riba do cinco por cento dos créditos iniciais do orzamento da Axencia.

e) Se a modificación afecta achegas estatais recollidas nos orzamentos xerais do Estado, a competencia para autorizar ambas as modificacións corresponderalle á autoridade que teña atribuída a modificación no orzamento do Estado. Estas modificacións non computarán para efectos das porcentaxes recollidas nas letras a) e b) anteriores.

5. A Axencia Española de Protección de Datos poderá dispoñer de contas bancarias de xestión para todo tipo de ingresos e pagamentos no Banco de España e na banca comercial.

6. A Axencia poderá adquirir compromisos de gasto que se deban estender a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen, cos límites e as previsións que lle sexan establecidos por lei.

7. Darase conta das modificacións adoptadas pola Presidencia, en función das competencias atribuídas no número 4, á Dirección Xeral de Orzamentos, do Ministerio de Facenda, para a súa toma de razón.

Artigo 45. *Contabilidade.*

1. A Axencia deberá aplicar os principios contables públicos previstos no artigo 122 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, así como o desenvolvemento dos principios e das normas establecidos no Plan xeral de contabilidade pública, aprobado pola Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, para o que contará cun sistema de información económico-financeiro e orzamentario que teña por obxecto mostrar, a través de estados e informes, a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento, que proporcione información dos custos sobre a súa actividade que sexa suficiente para unha correcta e eficiente adopción de decisións.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado establecerá os requirimentos funcionais e, de ser o caso, os procedementos informáticos que se deberán observar para cumprir o disposto no punto anterior. En concreto, a Axencia aplicará, para a xestión contable, o sistema de información contable da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos, e subscribirá o correspondente convenio coa Intervención Xeral da Administración do Estado para a utilización do sistema de apoio á xestión das entidades públicas administrativas e do sistema de contabilidade analítica normalizada para organizacións administrativas.

3. O exercicio anual computarase por anos naturais e comezará o día 1 do mes de xaneiro de cada ano.

4. A Axencia contará cun sistema de contabilidade de xestión que permita efectuar o seguimento do cumprimento dos compromisos asumidos.

Artigo 46. *Contas anuais.*

1. A persoa titular da Presidencia formulará as contas anuais nun prazo de tres meses desde o peche do exercicio económico. Unha vez auditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, serán aprobadas dentro do primeiro semestre do ano seguinte a que se refiran.

2. A Presidencia renderá as contas anuais ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, no prazo dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico e unha vez aprobadas.

Artigo 47. *Control da xestión económico-financeira.*

1. O control externo da xestión económico-financeira da Axencia corresponderalle ao Tribunal de Contas, de acordo coa súa normativa específica.

2. O control interno da xestión económico-financieira corresponderalle á Intervención Xeral da Administración do Estado e realizarase baixo as modalidades de control financeiro permanente e de auditoría pública, nas condicións e nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, a través da Intervención Delegada na Axencia.

CAPÍTULO V

Asesoramento xurídico da Axencia Española de Protección de Datos

Artigo 48. *Asistencia xurídica.*

A asistencia xurídica da Axencia Española de Protección de Datos, consistente no asesoramento xurídico e na representación e defensa en xuízo, corresponde á Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servizo Xurídico do Estado, mediante a formalización do oportuno convenio nos termos previstos na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas, e na súa normativa de desenvolvemento.